

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

Será publicado proximamente

Aparece un ensaio inédito de Risco sobre Palestina

Trátase dun texto en castelán de 1944, que atopou a filóloga Olivia Rodríguez.

Redacción - 17:45 22/10/2009

En 1944 [Vicente Risco](#) escribiu un ensaio no que examina o significado de Palestina desde unha concepción cristiá dos fundamentos de Occidente. A profesora [Olivia Rodríguez González](#) descubriu no transcurso dun traballo académico sobre o escritor este texto en castelán ata agora descoñecido. O ensaio inédito será publicado proximamente nunha edición comentada pola investigadora.

A Universidade da Coruña, á que pertence a profesora, explica que neste ensaio Risco augura posibles saídas para a supervivencia da que considera "Terra Santa por antonomasia". O autor d'*O porco de pé* propón unha saída diplomática para a pacificación dun territorio no que afirma que o Estado Español podía ter un papel importante.